

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27006531	IES Lucus Augusti	Lugo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A presente programación didáctica (PD) enmárcase no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Terá polo tanto como obxectivo, adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Por iso neste apartado, esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia introdución do Decreto na área e materia de Xeografía e Historia.

Neste curso, véñense de recuperar os tradicionais libros de texto, aínda que seguimos a contar coa plataforma E-dixgal, na cal os docentes poden incorporar os seus propios recursos.

Así pois, o obxectivo principal desta PD é facilitar ó alumnado a adquisición dos contidos propios da materia ao mesmo tempo que se fomenta o desenvolvemento das competencias clave e unha mellora progresiva da súa autonomía .

Para contribuir á consecución de todo isto, e en relación ao referido Decreto, en cada trimestre trabállanse os Bloques: 1. Retos do mundo actual, 2. Sociedades e territorios, 3. Compromiso cívico-social, respectivamente.

Para rematar, sinalar que o noso centro sitúase nun contexto urbano, polo que esta PD aproveitará as posibilidades que ofrece a nosa contorna a través das diferentes UD.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservar e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Terra, a casa de todos	Na presente UD, imos abordar o estudo físico do noso planeta (formas do relevo, hidrografía e clima), os diferentes sistemas de representación desde os antigos mapas á actualidade e os retos que se plantexan diante dos cambios medioambientais e as súas repercusións nos ecosistemas.	25	25	X		
2	O clan do oso cavernario	Nesta UD, coñeceremos as ferramentas do coñecemento histórico e as distintas etapas nas que se divide. Da man da Paleontoloxía e a Arqueoloxía, abordaremos o estudo da Prehistoria, a orixe do ser humano e o nacemento das primeiras sociedades, as grandes migracións humanas e a aparición das primeiras culturas, sen esquecer o papel das mulleres na formación das mesmas.	30	30	X	X	
3	Do clan ó Imperio	Esta UD, achegaranos ás primeiras civilizacións desde a Idade Antiga. Coñeceremos os distintos modelos de organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. A importancia das raíces clásicas da cultura occidental e o papel da relixión. España e Galicia no tempo e a súa relación cos procesos históricos.	35	35		X	X
4	O compromiso dende as Ciencias Sociais	Esta UD ten un carácter transversal, razón pola cal estará presente ó longo de todo o curso. Búscase afianzar o coñecemento do patrimonio material e inmaterial como manifestación das diferentes culturas, fomentando actitudes de respecto como feito diferencial e interese pola súa conservación. Tamén traballaremos o pensamento crítico cara unha toma de conciencia fronte os novos retos sociais e medioambientais.	10	15	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Terra, a casa de todos	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Manexa o vocabulario da materia. Elabora definicións e conceptos básicos.	PE	50
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	É capaz de identificar e diferenciar entre causas e consecuencias dos principais feitos.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Realiza observacións e recolle información nunha ficha-guía.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora esquemas. Realiza procuras de información sinxelas a través dalgunha fonte de maneira guiada.	TI	50
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Realiza pequenos traballos de investigación guiada.		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	É capaz de identificar os distintos elementos dun mapa e manexar escalas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático. - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	O clan do oso cavernario	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Manexa o vocabulario da materia. Elabora definiciónse conceptos básicos.	PE	45
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	É capaz de identificar e diferenciar entre causas e consecuencias dos principais feitos.		
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	É capaz de identificar e diferenciar entre causas e consecuencias dos principais feitos.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora esquemas. Realiza procuras de información sinxelas a través dalgunha fonte de maneira guiada.	TI	55
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Realiza pequenos traballos de investigación guiada.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora un documento en formato LibreOfficeWriter		
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Formula preguntas sobre a materia e mostra curiosidade por esta.		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Manexa a prensa escrita e dixital.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	É capaz de interpretar imaxes e mapas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.

UD	Título da UD	Duración
3	Do clan ó Imperio	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Elabora unha pequena composición de texto identificando os principais feitos.	PE	55
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	É capaz de identificar e diferenciar entre causas e consecuencias dos principais feitos.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Realiza eixes cronolóxicos ou liñas do tempo.		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	É capaz de sinalar semellanzas e diferenzas entre as distintas culturas e civilizacións.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora un documento en formato LibreOfficeWriter	TI	45
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Formula preguntas sobre a materia e mostra curiosidade por esta.		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Formula preguntas sobre a materia e mostra curiosidade por esta.		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	É capaz de interpretar imaxes e mapas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.

UD	Título da UD	Duración
4	O compromiso dende as Ciencias Sociais	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	É capaz de elaborar pequenos temas e expoñelos por escrito.	PE	26
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Coñece e valora o papel da muller ó longo da Historia e a súa situación no mundo actual.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Coñece o patrimonio material e inmaterial da súa Comunidade.		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Consulta a prensa en distintos formatos	TI	74
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	É capaz de establecer relacións de causa-efecto no pasado e no presente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Coñece as bases fundamentais do Estado democrático.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Segue os temas de actualidade nos distintos medios de comunicación.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Expón as súas ideas dende posicións de respecto ás opinións dos demais.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Participa en iniciativas e actos solidarios que organiza o centro.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Coñece as normas da aula e do centro como punto de partida para a resolución de situacións de conflito.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Rexeita calquera actitude discriminatoria.		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Coñece as tradicións e costumes e manifesta actitudes de respecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</p> <p>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da</p>

Contidos

- superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.
- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.
- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.
- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.
- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.
- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No relativo o aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo.

As diferentes UD permitirán o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais e están deseñadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación establecidos, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a realizar nelas, buscarase crear e desenvolver unha rutina que permita ao alumnado abordar o traballo do xeito máis beneficioso posible, rentabilizando o seu esforzo. A tal efecto, adicaranse uns cinco minutos a lembrar o traballado na sesión anterior, dándolle a posibilidade de plantexar dúbidas co obxectivo de detectar as potenciais necesidades de reforzo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pizarra dixital. Ordenador. Altfalantes. Cartafol ou libreta tamaño dinA4

As aulas de Primeiro curso de ESO, teñen un bo tamaño, pero obsérvanse certas deficiencias froito dunha desafortunada reforma. Sen dúbida, unha das máis chamativas é o feito de compartir ventá coa aula do lado, de tal xeito que para pechar a persiana, co obxecto de levar a cabo algunha proxeción na pantalla, débese saír da aula e interromper o traballo que se está a desenvolver na aula veciña.

Segundo informou a dirección do centro ao inicio do curso, este ano académico levaranse a cabo importantes obras de reforma no conxunto do edificio, as cales poden dificultar seriamente o desenvolvemento da práctica docente e ter un impacto negativo no proceso de ensino-aprendizaxe, efectos indesexables que en función de cada momento e circunstancia, deberemos valorar e que por suposto, escapan o noso control.

Tamén debemos sinalar o feito de que, en ocasións, a elevada ratio de alumnos por aula, fai que algúns se sitúen literalmente detrás dunha columna, o que dificulta a visión da pizarra.

O ordenador de aula conta con software libre.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Unha vez revisados os informes individualizados dos alumnos, realizaremos unha proba co obxectivo de coñecer o punto real de partida.

A avaliación levarase a cabo nas primeiras sesións do curso, o cal permitirá sinalar uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral e de cada alumno en particular. Ó tratarse do primeiro curso da ESO, o alumnado, salvo repetidores, é todo de nova incorporación, procedendo fundamentalmente dos centros adscritos, aínda que é frecuente a incorporación, ó longo do curso, de alumnado inmigrante que chega o noso centro sin ningún tipo de expediente académico ou informe e, en ocasións, con total descoñecemento da lingua. Por isto, a mencionada proba escrita, estará sempre acompañada dunha obrigada e constante observación directa, a fin de detectar posibles necesidades específicas de aprendizaxe.

A partir do conxunto de datos recollidos, trataranse na sesión de preavaliación posterior, as posibles dificultades ou carencias detectadas, co obxecto de acordar as medidas de reforzo ou atención individualizada que fosen necesarias en cada caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	30	35	10	100
Proba escrita	50	45	55	26	48
Táboa de indicadores	50	55	45	74	52

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados en probas escritas, de ser posible dúas por avaliación, adaptadas aos contidos das UD sendo o resto avaliados por diferentes tipos de táboas de indicadores, como escalas de valoración/rúbrica para corrección de traballos a entregar e rexistro das relativas á observación.

Probas escritas: 75%

Traballo de clase, pequenos traballos de investigación e lecturas: 25%

Consideraranse acadados os mínimos de consecución de cada CA, cando a nota resultante da valoración dos diferentes instrumentos de avaliación sexa igual ou superior a 5.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire é a seguinte:

-1º trim.: UD1+UD2+UD4 100%
-2º trim.: UD2+UD3+UD4 100%
-3º trim.: UD3+UD4 100%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 31%
-2º trim. 34%
-3º trim. 35%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, sexa un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-Se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
-Se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado xustifica a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

A ausencia inxustificada ás probas na data previamente sinalada, de forma xeral será cualificado con 0. Para poder realizar a proba fóra dos días fixados, deberá comunicalo con antelación ao profesor ou á profesora, previa xustificación da falta, que será quen o permitirá ou non. De non darse esta comunicación previa, esixirase un certificado médico oficial e será potestade do titular da materia aceptalo ou non.

Dacordo ó recollido no Plan de Convivencia do Centro:

O acto de copia dun alumno ou alumna por calquera sistema, xa sexa telemático ou doutro tipo, no que estea implicado el ou terceiras persoas, será considerado como conduta gravemente prexudicial para a convivencia do Centro.

Neste sentido, o Departamento puntualiza que se un alumno ou alumna copiara, a nota dese exame será 0 (cero), e a avaliación quedará suspensa. Se correspondera coa proba de recuperación final do curso, a materia consideraríase suspensa e debería ser recuperada na proba extraordinaria, que se desenvolverá avanzado o mes de xuño, segundo o calendario fixado pola Xefatura de Estudos.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó remate de cada trimestre, poderá recuperalos ao final do mesmo. Isto tería lugar cara a segunda semana de xaneiro, abril e xuño, respectivamente. O procedemento será o seguinte:

Realización dunha proba escrita sobre os contidos traballados durante o trimestre e que terá por obxecto coñecer e valorar o grao de adquisición dos mesmos. Considerarase recuperada a avaliación cando a nota media resultante da valoración da citada proba escrita sexa igual ou superior a 5.

É de especial importancia e interese trasladar axeitadamente esta información ao alumnado, o que se fará de xeito verbal, resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se estes mínimos de consecución non fosen acadados trimestralmente, isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final.

O período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación. Para o alumnado con avaliacións sen superar ó longo do curso, realizarase un breve informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación, tales como

probos escritas, traballos e lecturas. Considerarase a materia superada cando a cualificación final destas actividades sexa igual ou superior a 5 .

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Por tratarse do primeiro curso de ESO, non existen materias pendentes.

6. Medidas de atención á diversidade

Aínda que resulte unha obviedade, non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realízanse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas individuais ou grupais da clase.

Como xa sinalamos no apartado 5.1 relativo a Avaliación Inicial, prestarase especial atención á detectar os casos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe, tomaranse as medidas axeitadas coa finalidade de que o alumno adquiera os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 52 da ORDE do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade, en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais, onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de resolvelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

De tratarse de alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso, solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación, facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

Dependendo da casuística do alumnado é preciso ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como o emprego de grafías de maior tamaño, priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.4 - Desenvolvemento do espírito crítico, científico e emprendedor.		X	X	X
ET.5 - Preocupación e interese pola conservación do medio ambiente. Educación para o consumo responsable.	X			X
ET.6 - Interese polos novos retos e realidades sociais que plantexa o mundo actual.	X			X
ET.7 - Respecto a outras manifestacións culturais. Creatividade.		X	X	X
ET.8 - Educación en valores e igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a paz.	X	X	X	X
ET.10 - Coñecemento, respecto e posta en valor do Patrimonio Cultural, material e inmaterial.		X	X	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e elaborar resumos, pequenos comentarios, esquemas. A comunicación audiovisual será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente. O emprego da plataforma E-dixgal permitirá traballar a competencia dixital. O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

Importante nesta materia será a educación emocional e en valores, como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia, elementos fundamentais da educación para a paz.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ó Museo Provincial de Lugo.	A visita ten por obxecto coñecer as diferentes coleccións, con especial atención aos restos do pasado romano da cidade que alí se custodian.		X	
Roteiro polo pasado romano de Lucus Augusti.	A visita ten por obxecto coñecer os diferentes restos arqueolóxicos do pasado romano da cidade. Así, visitaremos a domus do Mitreo, muralla, termas e basílica.			X

Observacións:

A saídas estarán supeditadas á disponibilidade horaria tanto do alumnado como do profesorado que imparte clase en primeiro curso de ESO, xa que a súa duración sobrepasa os cincuenta minutos dunha sesión ordinaria.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor, será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral.

Na funcionalidade da PD, tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade, faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado, reflectirase o índice deste no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

-No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.

- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos, farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado, xunto coa información e resultados destes. Posteriormente, incluíranse como anexo nas correspondentes actas do Departamento e na memoria final da materia, con especial atención as posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados